

### Anuncio

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de marzo de 2014, acordou modificar a seguinte Ordenanza:

#### 1 Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da **taxa por expedición de licenzas urbanísticas**

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos, entender automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para as Ordenanzas fiscais.

No BOP nº 090 de data 21 de abril de 2014 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobada definitivamente a antedita Ordenanza publicase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS**

##### Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades atribuídas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Xermade establece a "taxa por expedición de licenzas urbanísticas e comunicacións previas", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden o previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado TRLRFL 2/2004 de 5 de marzo.

##### Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian a realizarse no termo municipal, se axustan o ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade de, todo isto de conformidade co establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tendo en conta a modificación operada pola lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

##### Artigo 3. Suxeito pasivo.

3.1 Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten a licenza, ou presenten comunicación previa, ou que executen as instalacións, obras ou construción sen obter a preceptiva licenza urbanística previamente.

3.2 En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

##### Artigo 4. Responsables.

4.1 Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

##### Artigo 5. Base imponible.

5.1 A base imponible da taxa está constituída polo custo total e efectivo, segundo orzamento, proxecto técnico ou no seu caso memoria valorada, dos actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que se realicen no termo municipal do Concello de Xermade.

5.2 Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios dos réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente o custo de execución material.

##### Artigo 6. Cota tributaria.

A cota deste tributo será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Para as seguintes licenzas a cota tributaria corresponderase cunha cantidade fixa:

- licenzas de primeira ocupación de vivendas: 50,00 €

- licenzas de primeira ocupación ou comprobación de obra para a realización de actividades: 100,00 €.
- licenzas de segregación ou parcelación urbanística: 0,1% do valor catastral (mínimo 30,00€).

#### Artigo 7. Tipo de gravame.

O tipo de gravame será o 0,1 por cento. Cando o resultado sexa inferior á cantidade de 10,00€, establécese esta cantidade como o mínimo a pagar.

#### Artigo 8. Devengo.

8.1 Devéngase a taxa e nace a obriga tributaria cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

8.2 Cando as obras fosen iniciadas ou executadas sen ter obtido a oportuna licenza, ou sen presentar comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

8.3 A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola negación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante unha vez concedida a licenza.

#### Artigo 9. Beneficios fiscais.

Quedan exentas do pago desta taxa por actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian a realizarse no termo municipal, se axustan o ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo isto de conformidade co establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a actividade municipal dirixida a verificar dita legalidade en relación con actos de ocupación, construción edificación e uso do solo e subsolo relacionados con explotacións agropecuarias.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

#### Artigo 10. Normas de xestión.

10.1 Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística, ou ó realizar a comunicación previa, veranse obrigados a presentar no rexistro xeral do Concello de Xermade a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, lugar de emprazamento, importe estimado da mesma, medicións e destino; ademais das oportunas autorizacións de órganos supramunicipais.

10.2 Cando se trate de licenza para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, a solicitude acompañarase dun orzamento das obras a realizar así como unha descrición detallada da superficie afectada, materiais a empregar, e en xeral, as características da obra ou acto cuxos datos permitan comprobar o seu custo.

10.3 Se despois de formulada a solicitude de licenza ou comunicación previa se modificase ou ampliase o proxecto, deberá por en coñecemento da administración municipal, acompañado o novo orzamento o reformado e, no seu caso, planos e memoria da modificación ou ampliación.

#### Artigo 11. Liquidación, notificación e ingreso.

11.1 A vista da documentación presentada polos interesados, previo estudo e valoración da mesma pola oficina técnica municipal, practicarase liquidación provisional en función do establecido na presente ordenanza.

11.2 A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o artigo 5 da presente ordenanza, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

11.3 O ingreso realizarase nos prazos establecidos no RD 939/2005 do 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación para as débedas liquidadas pola Administración e notificadas directamente os suxeitos pasivos.

#### Artigo 12. Caducidade e duración das licenzas.

12.1 Considéranse caducadas as licenzas, e as comunicacións previas, se despois de ser concedidas transcorren máis de seis meses sen dar comezo as obras, ou cando, unha vez iniciadas, foran interrompidas durante dito prazo, excepto nos casos de forza maior, que terá que ser alegada polo titular da licenza antes de que expire o referido prazo para a súa resolución posterior polo organismo concedente.

12.2 Transcorrido o prazo de caducidade, quedará sen valor nin efecto algún a autorización obtida, salvo que anticipadamente se solicite e obteña a prórroga regulamentaria, que terá como prazo máximo o da licenza orixinaria.

#### Artigo 13. Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**Disposición final.**

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinte e un de decembro de 2006 entrando en vigor, o día da súa publicación no BOP do 24 de febreiro de 2007.

A presente ordenanza foi modificada por Pleno Extraordinario do 26 de Marzo de 2014, e entrará en vigor ca súa publicación íntegra no BOP.

Xermade, 11 de xuño de 2014.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 2399

**Anuncio**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de marzo de 2014, acordou aprobar o seguinte Regulamento:

**1 Regulamento da Asociación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Xermade.**

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos, entender automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local.

No BOP nº 090 de data 21 de abril de 2014 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobada definitivamente a antedita Ordenanza publícase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.

**REGULAMENTO DA ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE XERMADE****MOTIVACIÓN**

En orde á realización de actividades diversas para a protección civil en situacións de emerxencia, os concellos e os alcaldes teñen competencias en materia de protección civil, segundo o establecido nos artigos 25.2c) e 21.1y) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulamentadora das bases de Réxime Local e artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O exercicio destas competencias ten que levarse a cabo fundamentalmente mediante actuacións dos concellos e dos alcaldes coa colaboración dun concelleiro delegado de protección civil, así como coa intervención coordinada dos servizos municipais dedicados de modo ordinario e permanente ó cumprimento de fins coincidentes coas necesidades derivadas das situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Así mesmo, nos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución española determinase que poderá crearse un Servizo Civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, polo que parece necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentadora do Servizo Civil e da Protección Civil sobre canto antecede, contémpense os recursos municipais mencionados coa incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a protección civil municipal, ofrecéndolles así oportunidades para asumir e realizar, voluntariamente, o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.

Por outra banda, a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil e o Real Decreto 407/1992 do 24 de abril, que desenvolve a Norma Básica, en distintas partes do seu articulado recolle a participación, responsabilidade e competencias das diferentes Administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os concellos que por ser a administración máis achegada ós cidadáns convértese na célula básica de protección civil, sendo a primeira en intervir en cantas emerxencias ocorran.

Abundando na normativa, temos que recoller o establecido no Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e no Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), recollido como Anexo do citado decreto, onde establécense, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local, así como os cometidos que poden desenvolver as agrupacións de voluntarios no estudo e desenvolvemento dos distintos plans de emerxencia.

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa protección civil municipal, parece conveniente regulamentar a organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que poida establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo do concello, apróbase o regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste concello que se transcribe seguidamente.